

## **BASES DA CONVOCATORIA DE EXPRESIÓNS DE INTERESE**

### **APROBADAS POLO COMITÉ DE DIRECCIÓN**

**(na sesión celebrada o 29 de xaneiro de 2018)**

**DIRIXIDA AOS DEPARTAMENTOS, ÁREAS E DELEGACIÓNS DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA PARA A EXECUCIÓN DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO URBANO E INTEGRADO (EDUSI) “VILAGARCÍA AVANZA”, COFINANCIADA POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO DE CRECIMENTO SOSTIBLE (POCS) 2014-2020.**

### **1.- ANTECEDENTES**

A Administración Xeral do Estado a través da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios do Ministerio de Facenda e Función Pública, programou un Eixo 12: Desenvolvemento Urbano Integrado e Sostible dentro do Programa Operativo de Crecemento Sostible (POCS) 2014-2020.

A implementación das Estratexias DUSI obedece á importancia que a Comisión Europea outorga ao desenvolvemento urbano sostible e á contribución das cidades ao cumprimento dos obxectivos da Estratexia Europea 2020 para un crecemento intelixente, sostible e integrador na Unión Europea (UE).

No marco da convocatoria da Orde HAP/2427/2015 de 13 de novembro, resólvese definitivamente con data 12 de decembro de 2016 (BOE 14/12/2016) da Secretaría de Estado de Presuposto e Gastos, a selección e concesión dunha axuda de 5.000.000€ á Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI) presentada polo Concello de Vilagarcía de Arousa denominada EDUSI “Vilagarcía Avanza” para ser cofinanciada a través do POCS do FEDER 2014-2020 e sendo a inversión total para a súa execución de 6.250.000€.

Con data 16 de decembro de 2016, o Concello de Vilagarcía de Arousa, como entidade beneficiaria das operacións a financiar no marco das Estratexias DUSI e como Organismo Intermedio (OI) unicamente aos efectos de selección de operacións, subscribe o acordo de compromiso en materia de asunción de funcións para a Xestión do FEDER.

Así, o Concello de Vilagarcía elabora o Manual de Procedementos, segundo o Regulamento (UE) Nº 1301/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, con data 14 de febreiro de 2017 e con data 02 de outubro de 2017, infórmase, por parte da Dirección Xeral de Relacións coas Comunidades Autónomas e Entes Locais como Organismo Intermedio de Xestión, da avaliación favorable da nova versión do Manual de Procedementos da EDUSI “Vilagarcía Avanza”.



Así o Concello de Vilagarcía de Arousa como entidade beneficiaria da EDUSI “Vilagarcía Avanza”, seleccionará as operacións que se integrarán dentro das distintas liñas de actuación da estratexia, actuando como Organismo Intermedio “Lixeiro” (OIL).

## 2. OBXECTIVO E DOTACIÓN PRESUPUESTARIA DA CONVOCATORIA DE EXPRESIÓNS DE INTERESE.

O obxectivo da convocatoria é a apertura dun prazo para a proposición e selección das operacións propostas que traten os cinco retos urbanos (económicos, ambientais, climáticos, demográficos e sociais) que afectan ás zonas urbanas e promoven vínculos entre o ámbito urbano e o rural, de acordo co artigo 7 do Regulamento (UE) nº 1301/2013, de 17 de decembro de 2013 do FEDER.

A definición das liñas de actuación realizouse a partir dos retos urbanos que o Plan Estratégico de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado de Vilagarcía de Arousa 2020 establece ao través de cada un dos ámbitos estratéxicos que abordan o Eixo Prioritario 12 –Eixo Urbano- ao través de cada un dos obxectivos temáticos (OT). Así, as contías do gasto e a axuda outorgada polo FEDER, son as seguintes para cada un dos obxectivos temáticos:

ÁMBITO ESTRATÉXICO	OBXECTIVO TEMÁTICO (OT)	GASTO TOTAL	AXUDA FEDER
CIDADE INNOVADORA (OT2: TIC)	OT2. Mellorar o uso e calidade das tecnoloxías da información e da comunicación e o acceso ás mesmas	784.000,00	627.200,00
CIDADE SOSTIBLE (OT4: Economía baixa en carbono)	OT4. Favorecer o paso a unha economía baixa en carbono en todos os sectores	1.490.000,00	1.192.000,00
CIDADE ATRACTIVA (OT6: Medio ambiente urbano e patrimonio)	OT6. Conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos	2.005.000,00	1.604.000,00
CIUDADE DE TOD@S (OT9: Inclusión social)	OT9. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera outra forma de discriminación	1.971.000,00	1.576.800,00
<b>TOTAIS</b>		<b>6.250.000 €</b>	<b>5.000.000 €</b>

Ademais, as operacións propostas deberán enmarcarse nalgunha das 20 liñas de actuación establecidas na EDUSI “Vilagarcía Avanza”, asociadas aos catro obxectivos temáticos contemplados no Eixo 12: Desenvolvemento Urbano Integrado e Sostible do POCS 2014-2020.



ÁMBITO ESTRATÉGICO	CÓDIGO	LIÑAS DE ACTUACIÓN	GASTO TOTAL	AXUDA FEDER
CIDADE INNOVADORA (OT2: TIC)	VLG_LA01_TRANSDIG	Transformación dixital do Concello de Vilagarcía de Arousa	704.000,00	563.200,00
	VLG_LA02_SMARTCITY	Vilagarcía de Arousa Smart City	80.000,00	64.000,00
CIDADE SOSTIBLE (OT4: Economía baixa en carbono)	VLG_LA03_MOVSOS	Potenciación e mellora da mobilidade urbana sostible de Vilagarcía.	390.000,00	312.000,00
	VGL_LA04_MOUPECI	Mellora da mobilidade peonil e ciclista mediante a mellora da infraestrutura ciclista, acondicionamento de itinerarios peonís, e recuperación do sistema de préstamo de bicicleta "Vaibike"	300.000,00	240.000,00
	VLG_LA05_ENERGPUB	Incremento do emprego de enerxías renovables nos edificios públicos municipais	400.000,00	320.000,00
	VLG_LA06_EFIENERG	Promoción da eficiencia enerxética	400.000,00	320.000,00
CIDADE ATRACTIVA (OT6: Medio ambiente urbano e patrimonio)	VLG_LA08_GENOFER	Xeración da oferta deportiva, turística e cultural	1.135.000,00	908.000,00
	VLG_LA10_PATRIHIS	Recuperación do Patrimonio histórico, cultural e natural	140.000,00	112.000,00
	VLG_LA07_SOSAMB	Impulso e mellora da sostibilidade e as condicións ambientais da área urbana de Vilagarcía	525.000,00	420.000,00
	VGL_LA09_PATRICOS	Recuperación do patrimonio natural costeiro	205.000,00	164.000,00
CIDADE DE <a href="#">TOD@S</a> (OT9: Inclusión social)	VLG_LA11_MARMONTA	Creación dun parque metropolitano de unión mar-monte (urbano-rural)	440.000,00	352.000,00
	VGL_LA12_EQUIOABAN	Recuperación de equipamentos públicos en desuso/abandono	300.000,00	240.000,00
	VLG_LA13_RECESP	Recuperación de espazos públicos impulsando as actividades en común	480.000,00	384.000,00
	VLG_LA14_MERCATRAD	Recuperación dos mercados tradicionais	100.000,00	80.000,00
	VLG_LA15_EMPRESA	Axudas para as novas iniciativas empresariais en zonas deprimidas	120.000,00	96.000,00
	VLG_LA16_ORIENEMPR	Creación de centros de orientación a emprendedores/as	85.000,00	68.000,00
	VLG_LA17_INCL	Desenvolvemento de plans de intervención para a inclusión	247.000,00	197.600,00
	VLG_LA18_FAMILIVUL	Apoio a familias socialmente vulnerables favorecendo as súas posibilidades de incorporación social e ao mercado laboral	150.000,00	120.000,00
	VGL_LA19_DEPENDIENT	Medidas para a poboación dependente: novos centros de día, centros de discapacitados,...	14.000,00	11.200,00
	VLG_LA20_BOLSAVIVI	Creación dunha bolsa de vivendas para a cidadanía en risco de exclusión e proxectos de rehabilitación de vivendas sociais	35.000,00	28.000,00
<b>20 Liñas de actuación</b>			<b>6.250.000,00</b>	<b>5.000.000,00</b>



### 3. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE SELECCIÓN DE OPERACIÓN

Os criterios e procedementos de selección de operacións (CPSO) para o Eixo 12 “Urbano” do POCS 2014-2020 (CPSO), foron aprobados na reunión do Comité de Seguimento, con data 07 de xuño de 2017, e se transcriben a continuación:

#### **“Actuacións encadradas no OE 2.3.3 (PI 2c)**

##### Criterios de selección de operacións

As operacións seleccionadas dentro desta actuación deberán satisfacer os seguintes criterios:

1. *Respectar os principios xerais definidos nos artigos 7 e 8 do Regulamento (UE) nº1303/2013 (non discriminación, igualdade de xénero e desenvolvemento sostible) e cumprir a lexislación da Unión e Nacional, así como da norma de subvencionalidade para os PO FEDER 2014-20(HFP/1979/2016)*
2. *En xeral, a selección de operacións deberá estar rexida polos principios de igualdade entre beneficiarios, eficiencia, eficacia e sostibilidade das operacións, capacidade dos beneficiarios para implementar e estratexia por aliñamento con outras operacións e instrumentos.*
3. *Ademais as operacións deberán :*
  - *Contribuír á estratexia de desenvolvemento urbano sostible e integrado.*
  - *Contribuír ao programa operativo vixente*
  - *Abordar os problemas dunha forma integrada e mostrar vínculos claros con outras intervencións ou proxectos coexistentes.*
  - *Os seus xestores deberán demostrar experiencia e capacidade.*
4. *Adecuación aos principios reitores específicos*
  - *A dotación de equipamento das dependencias municipais e plataformas, incluídas as plataformas para a xestión de Smart cities, estarán supeditados á súa necesidade para a posta en marcha de aplicacións municipais e proxectos incluídos nas estratexias de desenvolvemento urbano.*
  - *As plataformas de xestión de Smart cities que estean ligadas á eficiencia enerxética estarán baseadas en estudos enerxéticos.*
  - *As plataformas de xestión de Smart cities que estean ligadas ao ámbito do transporte colectivo estarán baseadas en estudos de mobilidade urbana sostible.*
  - *Os proxectos de dixitalización de patrimonio cultural enfocado ao turismo deberán enmarcarse en actuacións de dinamización turística enmarcadas nas estratexias de desenvolvemento urbano integrado.*

##### Criterios de priorización de operacións

A selección das operacións englobadas nesta actuación faranse atendendo aos seguintes criterios de priorización:

- Mellor adecuación aos obxectivos perseguidos pola EDUSI e ao plan de implementación integral obxecto de cofinanciación.*



- Solidez técnica da proposta de operación e madurez da mesma para garantir a súa execución na forma e prazo cos mínimos riscos.
- Mellor contribución ao cumprimento de indicadores de produtividade da PI2c
- Grao de integración de principios horizontais de igualdade, sostibilidade, medioambientais e de adaptación ao cambio climático.

### **Actuacións encadradas no OE 4.5.1 (PI 4e)**

#### Criterios de selección de operacións

As operacións seleccionadas dentro desta actuación deberán satisfacer os seguintes criterios:

1. Respetar os principios xerais definidos nos artigos 7 e 8 do Regulamento (UE) nº1303/2013 ( non discriminación, igualdade de xénero e desenvolvemento sostible) e cumprir a lexislación da Unión e Nacional, así como da norma de subvencionalidade para os PO FEDER 2014-20(HFP/1979/2016)
2. En xeral, a selección de operacións deberá estar rexida polos principios de igualdade entre beneficiarios, eficiencia, eficacia e sostibilidade das operacións, capacidade dos beneficiarios para implementar e estratexia por aliñamento con outras operacións e instrumentos.
3. Ademais as operacións deberán :
  - Contribuír á estratexia de desenvolvemento urbano sostible e integrado.
  - Contribuír ao programa operativo vixente
  - Abordar os problemas dunha forma integrada e mostrar vínculos claros con outras intervencións ou proxectos coexistentes.
  - Os seus xestores deberán demostrar experiencia e capacidade.
4. Adecuación aos principios reitores específicos:
  - Os proxectos de mobilidade a cofinanciar non serán actuacións illadas, senón que colgarán dun PMUS ou estudo equivalente de mobilidade. Dito estudo ou plan poderá formar parte da propia Estratexia DUSI, en cuxo caso este requisito darase por cumprido. O Plan de mobilidade terá en conta a proposta da comisión sobre plans de mobilidade urbana sostible aprobada en 2013 e establecerá unha serie de medidas interrelacionadas deseñadas para satisfacer as necesidades de mobilidade presentes e futuras para as persoas e os negocios.

#### Criterios de priorización de operacións

A selección das operacións englobadas nesta actuación farase atendendo aos seguintes criterios de priorización:

- Mellor adecuación aos obxectivos perseguidos pola EDUSI e ao plan de implementación integral obxecto de cofinanciación.
- As que melloren o acceso aos servizos públicos básicos en toda a área urbana.
- Solidez técnica da proposta de operación e madurez da mesma para garantir a súa execución na forma e prazo cos mínimos riscos.
- Mellor contribución ao cumprimento de indicadores de produtividade da PI4e
- Grao de integración de principios horizontais de igualdade, sostibilidade, medioambientais e de adaptación ao cambio climático.



## **Actuacións encadradas no OE 4.5.3 (PI 4e)**

### Criterios de selección de operacións

As operacións seleccionadas dentro desta actuación deberán satisfacer os seguintes criterios:

1. *Respectar os principios xerais definidos nos artigos 7 e 8 do Regulamento (UE) n°1303/2013 ( non discriminación, igualdade de xénero e desenvolvemento sostible) e cumprir a lexislación da Unión e Nacional, así como da norma de subvencionalidade para os PO FEDER 2014-20(HFP/1979/2016)*
2. *En xeral, a selección de operacións deberá estar rexida polos principios de igualdade entre beneficiarios, eficiencia, eficacia e sostibilidade das operacións, capacidade dos beneficiarios para implementar e estratexia por aliñamento con outras operacións e instrumentos.*
3. *Ademais as operacións deberán :*
  - *Contribuír á estratexia de desenvolvemento urbano sostible e integrado.*
  - *Contribuír ao programa operativo vixente*
  - *Abordar os problemas dunha forma integrada e mostrar vínculos claros con outras intervencións ou proxectos coexistentes.*
  - *Os seus xestores deberán demostrar experiencia e capacidade.*
4. *Adecuación aos principios reitores específicos:*
  - *Nas actuacións en edificios públicos, débese tomar como base a clasificación enerxética inicial e débense buscar melloras significativas (de polo menos unha letra de clasificación enerxética), de acordo co Real Decreto 235/2013, do 5 de abril, polo que se aproba o procedemento básico para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios, mediante a utilización dalgún dos programas informáticos recoñecidos.*
  - *Deberase analizar, no caso do alumeadado público, o consumo enerxético previo e promover aforros significativos.*
  - *Os proxectos de promoción en eficiencia enerxética deberán facerse sempre a través de proxectos que partan da realización dunha auditoría/estudo/análise enerxético que permita estruturar o proxecto apuntando a solucións integradas en eficiencia enerxética, incluída a utilización e produción de enerxía renovable para o autoconsumo.*

### Criterios de priorización de operacións

A selección das operacións englobadas nesta actuación farase atendendo aos seguintes criterios de priorización:

- Mellor adecuación aos obxectivos perseguidos pola EDUSI e ao plan de implementación integral obxecto de cofinanciación.*
- *Grao de mellora na eficiencia enerxética. Primaranse as que correspondan a renovacións integrais.*
- *Solidez técnica da proposta de operación e madurez da mesma para garantir a súa execución na forma e prazo cos mínimos riscos.*
- *Mellor contribución ao cumprimento de indicadores de produtividade da PI4e*



- Grao de integración de principios horizontais de igualdade, sostibilidade, medioambientais e de adaptación ao cambio climático.

### **Actuacións encadradas no OE 6.3.4 (PI 6c)**

#### Criterios de selección de operacións

As operacións seleccionadas dentro desta actuación deberán satisfacer os seguintes criterios:

1. Respetar os principios xerais definidos nos artigos 7 e 8 do Regulamento (UE) nº1303/2013 ( non discriminación, igualdade de xénero e desenvolvemento sostible) e cumprir a lexislación da Unión e Nacional, así como da norma de subvencionalidade para os PO FEDER 2014-20(HFP/1979/2016)
2. En xeral, a selección de operacións deberá estar rexida polos principios de igualdade entre beneficiarios, eficiencia, eficacia e sostibilidade das operacións, capacidade dos beneficiarios para implementar e estratexia por aliñamento con outras operacións e instrumentos.
3. Ademais as operacións deberán :
  - Contribuír á estratexia de desenvolvemento urbano sostible e integrado.
  - Contribuír ao programa operativo vixente
  - Abordar os problemas dunha forma integrada e mostrar vínculos claros con outras intervencións ou proxectos coexistentes.
  - Os seus xestores deberán demostrar experiencia e capacidade.
4. Adecuación aos principios reitores específicos:
  - As actuacións en rehabilitación do patrimonio histórico, arquitectónico e cultural, realizaranse en consonancia con plans supralocais ou rexionais de ordenación do patrimonio, desenvolvemento territorial e turismo.

#### Criterios de priorización de operacións

A selección das operacións englobadas nesta actuación farase atendendo aos seguintes criterios de priorización:

- Mellor adecuación aos obxectivos perseguidos pola EDUSI e ao plan de implementación integral obxecto de cofinanciación.
- Solidez técnica da proposta de operación e madurez da mesma para garantir a súa execución na forma e prazo cos mínimos riscos.
- Mellor contribución ao cumprimento de indicadores de produtividade da PI6c
- Grao de integración de principios horizontais de igualdade, sostibilidade, medioambientais e de adaptación ao cambio climático.

### **Actuacións encadradas no OE 6.5.2 (PI 6e)**

#### Criterios de selección de operacións

As operacións seleccionadas dentro desta actuación deberán satisfacer os seguintes criterios:

1. Respetar os principios xerais definidos nos artigos 7 e 8 do Regulamento (UE) nº1303/2013 ( non discriminación, igualdade de xénero e desenvolvemento sostible) e



- cumprir a lexislación da Unión e Nacional, así como da norma de subvencionalidade para os PO FEDER 2014-20(HFP/1979/2016)*
2. *En xeral, a selección de operacións deberá estar rexida polos principios de igualdade entre beneficiarios, eficiencia, eficacia e sostibilidade das operacións, capacidade de os beneficiarios para implementar e estratexia por aliñamento con outras operacións e instrumentos.*
  3. *Ademais as operacións deberán :*
    - *Contribuír á estratexia de desenvolvemento urbano sostible e integrado.*
    - *Contribuír ao programa operativo vixente*
    - *Abordar os problemas dunha forma integrada e mostrar vínculos claros con outras intervencións ou proxectos coexistentes.*
    - *Os seus xestores deberán demostrar experiencia e capacidade.*
  5. *Adecuación aos principios reitores específicos:*
    - *Ser coherentes coa planificación urbana xeral e de usos do solo da cidade*
    - *Sempre que exista un plan de rehabilitación urbana, as actuacións neste ámbito terán que estar aliñadas con dito plan.*

#### Criterios de priorización de operacións

*A selección das operacións englobadas nesta actuación farase atendendo aos seguintes criterios de priorización:*

- *Mellor adecuación aos obxectivos perseguidos pola EDUSI e ao plan de implementación integral obxecto de cofinanciación.*
- *Solidez técnica da proposta de operación e madurez da mesma para garantir a súa execución na forma e prazo cos mínimos riscos.*
- *Mellor contribución ao cumprimento de indicadores de produtividade da PI6e*
- *Grao de integración de principios horizontais de igualdade, sostibilidade, medioambientais e de adaptación ao cambio climático.*

#### **Actuacións encadradas no OE 9.8.2 (PI 9b)**

##### Criterios de selección de operacións

*As operacións seleccionadas dentro desta actuación deberán satisfacer os seguintes criterios:*

1. *Respectar os principios xerais definidos nos artigos 7 e 8 do Regulamento (UE) n°1303/2013 ( non discriminación, igualdade de xénero e desenvolvemento sostible) e cumprir a lexislación da Unión e Nacional, así como da norma de subvencionalidade para os PO FEDER 2014-20(HFP/1979/2016)*
2. *En xeral, a selección de operacións deberá estar rexida polos principios de igualdade entre beneficiarios, eficiencia, eficacia e sostibilidade das operacións, capacidade dos beneficiarios para implementar e estratexia por aliñamento con outras operacións e instrumentos.*
3. *Ademais as operacións deberán :*
  - *Contribuír á estratexia de desenvolvemento urbano sostible e integrado.*
  - *Contribuír ao programa operativo vixente*
  - *Abordar os problemas dunha forma integrada e mostrar vínculos claros con outras intervencións ou proxectos coexistentes.*
  - *Os seus xestores deberán demostrar experiencia e capacidade.*





#### 4. Adecuación aos principios reitores específicos:

- *En proxectos de compra e/ou rehabilitación integral de vivendas en barrios desfavorecidos aseguraranse a contribución das mesmas ao logro dos obxectivos e resultados específicos, serán transparentes.*
- *As accións que sexan cofinanciadas concretaranse nun plan de acción local (estratexias máis amplas de apoio á inserción económica dos grupos e individuos obxecto).*
- *As accións terán que ser xustificadas por un diagnóstico socioeconómico, que poderá formar parte da estratexia integrada, dos grupos obxecto e por un diagnóstico das infraestruturas existentes e necesarias.*
- *De acordo con este diagnóstico, os criterios de selección de operacións terán en conta as características das vivendas e o perfil socioeconómico das familias beneficiarias.*

#### Criterios de priorización de operacións

*A selección das operacións englobadas nesta actuación farase atendendo aos seguintes criterios de priorización:*

- *Mellor adecuación aos obxectivos perseguidos pola EDUSI e ao plan de implementación integral obxecto de cofinanciación.*
- *Solidez técnica da proposta de operación e madurez da mesma para garantir a súa execución na forma e prazo cos mínimos riscos.*
- *Que permitan chegar a un maior número de cidadáns/cidadás vulnerables ou en risco de exclusión social.*
- *Mellor contribución ao cumprimento de indicadores de produtividade da PI9b*
- *Grao de integración de principios horizontais de igualdade, sostibilidade, medioambientais e de adaptación ao cambio climático.”*

Ademais destes criterios establecidos polo Comité, cada Liña de Actuación, ten aprobados os criterios básicos que deben satisfacer todas as operacións para ser seleccionadas e os criterios básicos que deben utilizarse para priorizar as operacións.

#### **4. BENEFICIARIOS DA CONVOCATORIA DE EXPRESIÓNS DE INTERESE.**

Son beneficiarios da convocatoria de expresións de interese os órganos Xestores das seguintes áreas do Concello de Vilagarcía de Arousa:

- Urbanismo e Infraestruturas Municipais
- Cultura, Xuventude e Persoal
- Seguridade, Policía Local e Promoción Económica
- Educación e Deportes
- Servizos e Relacións Veciñais
- Benestar Social e Igualdade

Estes órganos xestores, en diante, Unidades Executoras da Estratexia DUSI, a través do responsable do Obxectivo Temático correspondente, serán os únicos posibles beneficiarios desta convocatoria de expresións de interese.



Ademais, estas Unidades executoras, como solicitantes das expresións de interese deberán acreditar a capacidade administrativa, financeira e operativa suficiente para o cumprimento das obrigas establecidas na presente Convocatoria de Expresións de Interese.

## **5. PRAZOS DA CONVOCATORIA DE EXPRESIÓNS DE INTERESE.**

O prazo establecido para a presentación de solicitudes de expresións de interese por parte das Unidades Executoras iníciase o 30 de xaneiro de 2018 e finalizará o 31 de decembro de 2020 ás 12:00 horas.

Daranse como presentadas todas as solicitudes de expresións de interese recibidas en tempo e forma. A presentación destas solicitudes de expresións de interese non supón a adquisición de compromisos concretos na execución da Estratexia DUSI “Vilagarcía Avanza”.

En cumprimento do establecido no art. 65.6 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, polo que –entre outras- se establecen disposicións comúns e xerais relativas ao FEDER, para cada operación precísase a presentación dunha solicitude de expresión de interese.

No caso de non recibir comunicación expresa dentro do prazo establecido, entenderase que as Unidades Executoras non están interesadas en participar nesta Estratexia DUSI “Vilagarcía Avanza”. As solicitudes de expresións de interese presentadas polas diferentes Unidades Executoras serán publicadas na Web do Concello de Vilagarcía ou no seu defecto, na carpeta compartida entre todos os órganos e recursos humanos do Concello de Vilagarcía susceptibles de participar na Estratexia.

## **6. XESTIÓN DA CONVOCATORIA DE EXPRESIÓNS DE INTERESE.**

Tal e como aparece recollido no Manual de Procedemento da Estratexia DUSI “Vilagarcía Avanza”, a selección das operacións para recibir cofinanciación europea efectuarase a través dunha solicitude de financiamento por parte do beneficiario (art. 65.6 do Regulamento Xeral (UE) 1303/2013), é dicir, das diferentes Unidades Executoras do Concello de Vilagarcía de Arousa, a través do responsable do Obxectivo Temático (OT) correspondente, que llo trasladará á Dirección DUSI ou á Unidade de Seguimento e Coordinación EDUSI como soporte de dirección, que a súa vez a trasladarán á Unidade de Xestión.

A Unidade de Xestión, será quen exerza as funcións propias de Organismo Intermedio Lixeiro (OIL) e leve a cabo a selección de operacións.

Así, os pasos que garantirán a normativa nacional e comunitaria na selección de operacións serán os seguintes:

1º) A través da Intranet, a unidade executora que pretenda solicitar a operación accede á área de Xestión FEDER da Estratexia DUSI. En base ás instrucións incluídas nese apartado, o persoal técnico da Área Executora cubrirá e asinará unha solicitude de financiación conforme ao modelo establecido. Envía a solicitude ao Responsable do Obxectivo Temático (OT).

2º) O Responsable do OT traslada esta solicitude á Unidade de Seguimento e Coordinación EDUSI ou á Dirección DUSI, e estas analizarán conxuntamente a solicitude dende o punto de vista de aliñamento coa Estratexia EDUSI e requirimentos normativos, co obxectivo de que a



mesma estea correctamente completada. Unha vez realizada a comprobación, se asina e se envía á Unidade de Xestión. No caso de que a solicitude requira modificacións, remitirase de novo á Área Executora para que proceda a realizar as modificacións oportunas e volva a remitir contando co soporte da Unidade de Seguimento e Coordinación EDUSI.

3º) A Unidade de Xestión enche os campos necesarios no sistema que indique o Organismo Intermedio de Xestión (OIG) -Fondos2020 ou Galatea2020-, volcando toda a información e realizando todas as comprobacións en base ao modelo S1.

4º) Se as comprobacións son favorables, elabora o DECA, emite unha resolución asinada polo Concelleiro delegado de Economía e Facenda e envía ao beneficiario. No caso de que non sexan favorables, remítese ao beneficiario unha resolución coas causas de denegación.

5º) Unha vez entregado o DECA sube o mesmo ao sistema que indique o OIG, asina a operación electronicamente, pasando a mesma a estado “Seleccionada” e habilitase o crédito correspondente na partida contable, a través dunha resolución do Alcalde-Presidente.

6º) O OIG revisará a información consignada pola Unidade de Xestión para esta operación e os seus elementos vinculados, e no caso de que sexa necesario, incluírá as recomendacións realizadas, e senón realizaranse os cambios pertinentes na documentación xerada.

7º) Co visto e prace do OIG, notificarase ao destinatario e á Dirección DUSI para que teña constancia das operacións seleccionadas.

## **7. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA DE EXPRESIÓNS DE INTERESE.**

As Unidades Executoras interesadas en participar nesta convocatoria de expresións de interese deberán presentar a súa solicitude á Unidade Seguimento e Coordinación, debendo achegar a seguinte documentación:

- Anexo I: “Solicitude de participación na convocatoria de expresións de interese” segundo o Anexo IV do Manual de Procedemento Modelo expresión de interese no marco da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.
- Anexo II: “Unha memoria da Operación”
- Anexo III: “Declaración responsable do cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria de expresións de interese”
- Anexo IV: Documentación complementaria que se achega.

Unha vez rexistrada a solicitude de participación na convocatoria de expresións de interese, procederase á verificación da mesma e da documentación presentada. Caso de non conformidade co procedemento establecido, procederase a dar un prazo para a subsanación das deficiencias atopadas.



Aquelas solicitudes de participación na convocatoria de expresións de interese, nas que non fosen subsanadas as deficiencias comunicadas e/ou non cumpran os requisitos establecidos na presente convocatoria serán rexeitadas, o que será comunicado á Unidade Executora solicitante.

A decisión de aprobación/denegación das solicitudes de participación presentadas, unha vez aplicados os CPSO serán comunicadas a través da Dirección DUSI e/ou Unidade de Seguimento e Coordinación EDUSI ás Unidades Executoras solicitantes.

Unha vez aprobada a operación solicitada, a Unidade de Xestión, a través da Dirección DUSI ou Unidade de Seguimento e Coordinación, comunicará a súa decisión á Unidade Executora e faralle entrega para a súa sinatura do Documento polo que se Establecen as Condicións da Axuda (DECA), documento no que se recollen os requisitos, o plan financeiro e o calendario. A formalización da selección da operación será efectiva no momento que o DECA sexa aceptado pola Unidade Executora e rexistrado pola Unidade de Xestión.

As solicitudes de participación na convocatoria de expresións de interese por parte das Unidades Executoras e todas as comunicacións, incluída a documentación, DECA,..., realizadas entre a Unidade de Xestión, a Dirección DUSI, a Unidade de Seguimento e Coordinación EDUSI e as Unidades Executoras relativas á xestión das solicitudes presentadas de participación na convocatoria de expresións de interese realizaranse a través do rexistro do Concello de Vilagarcía e enviarase copia á conta de correo electrónico da Coordinadora-Xestora EDUSI “Vilagarcía Avanza” [sgonzalez@vilagarcia.gal](mailto:sgonzalez@vilagarcia.gal)

## **8. CONDICIÓN DE ELIXIBILIDADE PARA OS GASTOS INCLUÍDOS NAS OPERACIÓNS SELECCIONADAS.**

En cumprimento do establecido no art.. 9 da Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, pola que se aproban as bases e a primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020, para que os gastos das operacións propostas sexan considerados elixibles, deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Sexan conformes coa normativa local, autonómica, nacional e comunitaria aplicables, e en concreto, coa Orde HFP/1979/2016, do 29 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do FEDER para o período 2014-2020.
2. Sexan reais e aboados con cargo á operación cofinanciada.
3. Foran realizados para o desenvolvemento das operacións aprobadas nas Liñas de Actuación para as que se concederan as axudas.
4. Sexan adecuados aos obxectivos e prioridades definidos na presente convocatoria.
5. Exista constancia documental sobre a súa realización mediante factura ou documento contable de valor probatorio equivalente, de modo que poidan ser verificables.



6. Estean relacionados de maneira indubitada coa actividade a desenvolver e sexan necesarios para o desenvolvemento das operacións seleccionadas.
7. Estean efectuados durante o período de execución da operación que en ningún caso puido ser iniciada antes del 1 de xaneiro de 2014.
8. Que os pagos correspondentes foran efectivos dende o 1 de xaneiro de 2014 ao 31 de decembro de 2022. Non obstante, as operacións non deben concluír antes da data da resolución de concesión de axudas.

En todo caso, as operacións non deberán concluír antes da data de presentación da solicitude por parte do beneficiario.

## 9. OBRIGACIÓNS DOS BENEFICIARIOS EN MATERIA DE COMUNICACIÓN.

Os beneficiarios deben cumprir en materia de comunicación toda a normativa de información e publicidade comunitaria que lles sexa de aplicación e que se recolle no Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no Capítulo II art. 115 e seguintes e no seu anexo XII.

Información e Comunicación sobre o apoio procedente dos Fondos:

As obrigas recollidas no art. 2.2.2. do Anexo XII son:

### *“2.2. Responsabilidades dos beneficiarios*

1. *En todas as medidas de información e comunicación que leve a cabo, o beneficiario deberá recoñecer o apoio dos Fondos á operación mostrando:*
  - a. *O emblema da Unión, de conformidade coas características técnicas establecidas no acto de execución adoptado pola Comisión de acordo ao artigo 115, apartado 4, e unha referencia á Unión Europea;*
  - b. *Unha referencia ao Fondo ou aos Fondos que dan apoio á operación.*

*Cando unha medida de información ou de comunicación estea relacionada cunha operación ou con varias operacións cofinanciadas por varios Fondos, a referencia prevista na letra b) poderá substituírse pola referencia aos Fondos EIE.*
2. *Durante a realización dunha operación, o beneficiario informará ao público do apoio obtido dos Fondos:*
  - a. *Facendo unha breve descrición no seu sitio de Internet, no caso de que dispoña dun, da operación, de maneira proporcionada ao nivel de apoio prestado, cos seus obxectivos e resultados, e destacando o apoio financeiro da Unión.*
  - b. *Colocando, para as operacións non contempladas nos puntos 4 e 5, polo menos un cartel con información sobre o proxecto (dun tamaño mínimo A3), no que mencionará a axuda financeira da Unión, nun lugar ben visible para o público, por exemplo á entrada dun edificio.”*



Así como o indicado na Estratexia de Comunicación do POCS aprobada no Comité de Seguimento (CS), e que se pode descargar no seguinte link:  
[http://www.dgfc.sepg.minhafp.gob.es/sitios/dgfc/es-ES/ipr/fcp1420/c/ec/Documents/Estrategia\\_comunicacion\\_POCS\\_20151130\\_V4\\_inicial.pdf](http://www.dgfc.sepg.minhafp.gob.es/sitios/dgfc/es-ES/ipr/fcp1420/c/ec/Documents/Estrategia_comunicacion_POCS_20151130_V4_inicial.pdf)

## **10. MODELO DE EXPRESIÓN DE INTERESE**

O modelo de Expresión de interese é o que aparece no anexo IV do Manual de Procedementos da EDUSI “Vilagarcía Avanza”, terá que ser cuberto pola Unidade Executora ao solicitar financiamento e asinada polo Responsable do Obxectivo Temático que proceda. A tradución ao galego de dito modelo é o seguinte:



**EXPRESIÓN DE INTERESE DE OPERACIÓNS NO MARCO DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE INTEGRADO COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL**

NOME DO RESPONSABLE, manifesta o seu interese de incluír no Programa Operativo de Crecemento Sostible FEDER 2014-2020 a presente operación:

**1. DENOMINACIÓN DA OPERACIÓN PROPOSTA:**

XXXXXXXXXXXX

**2. ÓRGANO XESTOR:**

XXXXX

**3. ENCADRE DA OPERACIÓN PROPOSTA NO PROGRAMA OPERATIVO FEDER CRECIMENTO SOSTIBLE 2014-2020**

Atendendo ao “menú” de posibles intervencións no Programa Operativo FEDER Crecemento Sostible 2014-2020, identifique os códigos correspondentes aos seguintes aspectos para a operación proposta:

• <b>Obxectivo Temático (OT):</b>	XXXXX
• <b>Prioridade de Inversión (PI):</b>	XXXXX
• <b>Obxectivo Específico (OE):</b>	XXXXX
• <b>Campo de intervención (CI):</b>	XXXXX
• <b>Forma de financiamento:</b>	XXXXX
• <b>Tipo de territorio:</b>	XXXXX

**4. INFORMACIÓN FINANCEIRA E PRESUPOSTO**

**Presuposto:** distribución temporal e custe estimado (ou real) da operación proposta (expresado en euros):

2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	TOTAL 2014-2023
XXX	XXX	XXX	XXX	XXX	XXX	XXX	XXX	XXX	XXX	XXX



## 5. CALENDARIO DE EXECUCIÓN DA OPERACIÓN PROPOSTA

De acordo ao artigo 65.6 do Regulamento (UE) 1303/2013, ningunha operación poderá ser seleccionada para recibir axuda do Programa Operativo se esta concluíu materialmente ou se executou integramente antes da presentación da correspondente Solicitud de Financiamento, á marxe de que o beneficiario efectuase todos os pagos relacionados.

Se a operación proposta comezara con anterioridade á presentación desta Solicitud de Financiamento, poderá ser seleccionada, unha vez comprobado que esta cumpre a normativa aplicable.

• <b>Data de inicio da operación:</b>	XX/XX/XX
• <b>Data de finalización da operación:</b>	XX/XX/XX

## 6. DESCRIPCIÓN DA OPERACIÓN PROPOSTA

A continuación solicítaselle información útil para proceder á descrición da operación proposta. Esta descrición da operación débese realizar tendo en conta o Documento de Criterios e Procedementos de Selección do Programa Operativo FEDER Crecemento Sostible 2014-2020, incluíndo os seguintes aspectos:

<b>Breve descrición da operación proposta</b>
XXXXXXXX
<b>Contribución esperada ao Obxectivo Específico (OE) no que se enmarca</b> , incluíndo, se procede: <ul style="list-style-type: none"><li>○ a identificación dos principais grupos obxectivo/destinatarios;</li><li>○ territorios destinatarios específicos;</li><li>○ tipos de beneficiarios.</li></ul>
Esta descrición debe explicar como o tipo de accións previstas contribúe ao obxectivo específico, por exemplo, mediante a elección de grupos destinatarios ou territorios determinados, centrándose en temas ou asuntos específicos, etc. Polo tanto, esta sección debe permitir entender con claridade como se perseguirá o obxectivo específico e se alcanzarán os resultados na práctica, co tipo de accións previstas. Así mesmo, procederanse a engadir as accións a desenvolver, en cumprimento dos principios de igualdade entre homes e mulleres, non discriminación e desenvolvemento sostible.
XXXXXXXX





## 7. PARTICIPACIÓN DA OPERACIÓN NOUTROS AMBITOS/ESTRATEGIAS

	Sí	Non
¿Trátase dun gran proxecto (custe superior a 50 millóns de euros)?		
¿A operación proposta forma parte dun ITI (Instrumento Territorial Integrado)?		
¿A operación proposta forma parte dunha Estratexia DUSI (Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado)?		

## 8. INDICADORES DE PRODUTIVIDADE/REALIZACIÓN

	Si	Non
Á vista dos indicadores de produtividade/realización determinados no Programa Operativo FEDER Crecemento Sostible 2014-2020, ¿está a súa entidade en disposición de facilitar información para eses indicadores?		

**Indique a continuación os indicadores de produtividade/realización asociados á operación proposta**

Identificación/código	Indicador
XX	XXXXXXXX

## 9. ENCADRE NORMATIVO DA OPERACIÓN

No caso de que a operación proposta estea suxeita a contratación pública, achegue un breve resumo sobre os procedementos de licitación e contratación ou adxudicación de obras, suministros ou servizos.

XXXXXXXXXXXX



## 10. TIPOLOXÍA DE GASTOS

	Si	Non
¿A operación proposta inclúe <u>custes indirectos</u> ?		
En caso afirmativo, detalle o método de cálculo dos custes indirectos: XXXXXXXX		

	Si	Non
¿A operación proposta inclúe <u>custes de terreos e bens inmobles</u> ?		
En caso afirmativo, sinala a finalidade dos terreos e/ou bens inmobles a adquirir: XXXXXXXXXXXX  Período: XXXXXXXX		

## 11. ASPECTOS MEDIOAMBIENTAIS

	Si	Non
¿Trátase dunha operación con carácter medioambiental? (entre os seus obxectivos considerase o desenvolvemento sostible)		
¿Require a operación proposta dunha declaración de impacto medioambiental?		
¿Está localizada nun espazo protexido pola rede Natura 2000?		
¿Cal? XXXXXXXX.		

## 12. EFECTOS PREVISTOS NOS PRINCIPIOS HORIZONTAIS

	Favorable	Neutro
Efectos previstos sobre o medio ambiente		
Efectos previstos na igualdade de oportunidades		

## 13. OPERACIÓNS SUXEITAS A PROCEDEMENTOS DE RECUPERACIÓN

	Si	Non
De acordo ao artigo 125, 3.f) do Regulamento (UE) 1303/2013, deberase garantir que as operacións seleccionadas para recibir axuda dos Fondos non inclúan actividades que eran parte dunha operación que fora ou deberá ser obxecto dun procedemento de recuperación conforme ao artigo 71, a raíz da relocalización dunha actividade produtiva fóra da zona do programa. ¿Atópase a operación proposta nesta situación?		



**14. DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS SOLICITADAS E/OU CONCEDIDAS**

	Si	Non
¿Solicitou algunha axuda para esta operación?		
¿Concedéuselle algunha axuda para esta operación? En caso afirmativo, indique que órgano o concedeu e o importe da axuda recibida: - XXXXXXXX.		

<b>Data:</b>	XX/XX/XXXX
<b>Responsable da operación:</b>	XXXXXXXXXXXXXXXXXX
<b>Sinatura:</b>	